

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016340	IES Aquis Querquernis	Bande	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- 1- Agua limpia.
- 2- Proyecto de vida.
- 3- Hora de actuar.
- 4- Me siento bien.
- 5- En buena compañía.
- 6- Mi tribu.
- 7- Bichos fascinantes.
- 8- Cruce de caminos.
- 9- Mejor con una sonrisa.

Ademais da lexislación vixente, esta programación ten en conta os criterios do Proxecto Educativo de Centro, así como as decisións adoptadas polo Departamento de Lengua castellana deste centro. Así, a presente programación ten en conta as peculiaridades do alumnado que integra este centro IES Aquis Querquernis de Bande: de extracción rural, nivel socioeconómico baixo, cun escaso contacto coa cultura, en xeral, e con moi pouco hábito lector en particular; cunha porcentaxe de alumnado con necesidades educativas específicas bastante elevado; cun claro predominio da lingua galega como lingua materna e de uso habitual; e cun nivel de competencia en comunicación lingüística claramente inferior ao esperado cando chegan á educación secundaria procedentes de primaria, o que se traduce en bastantes dificultades para expresarse con corrección, tanto oralmente como por escrito, e cunha deficiente comprensión lectora. Esta situación, lonxe de solucionarse, nalgunhas ocasións vaise enquistando ao unirse con factores propios da etapa adolescente como a desmotivación, a apatía e a falta de estudo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Agua limpia	Esta unidade didáctica aborda o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible nº 6 da ONU sobre o acceso á auga e o saneamento como un dereito para todos. E, ademais, as seguintes cuestións: - A comunicación e os seus elementos. Funcións da linguaxe. - O texto as súas propiedades (adequación, coherencia e cohesión). - A palabra e a súa estrutura (procedementos de formación). - A palabra e o seu significado (sinonimia, antonimia, hiperonimia, hiponimia, monosemia, polisemia, homonimia). - Diferenzas entre significado e sentido, significado denotativo e connotativo. - Cambio semántico (palabras tabú e eufemismos). - O dicionario. - As regras de acentuación.	15	18	X		
2	Proyecto de vida	Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 8 da ONU sobre o traballo decente e o crecemento económico. E, ademais, está centrada nos seguintes contidos:	15	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Proyecto de vida	<ul style="list-style-type: none"> - O texto narrativo: características, tipos e elementos (o narrador e as personaxes). - O texto descriptivo: funcións e tipos. - O enunciado e as súas clases. - A oración: suxeito e predicado. - Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos. Casos especiais de acentuación. 	15	12	X		
3	Hora de actuar	<p>Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 13 da ONU sobre a acción polo clima. E, ademais, abordará o estudo das seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Textos prescriptivos (instrucións e normas) - Textos da vida cotiá (instancia, aviso, comunicado, nota) e textos da vida cotiá dixitais (correo electrónico e redes sociais). O diario. - O Sintagma nominal: sustantivo, determinantes e pronomes. - O Sintagma adxetival: o adxectivo. - O sintagma adverbial: o adverbio. - O sintagma preposicional: a preposición. - Ortografía das letras g/j 	12	13		X	
4	Me siento bien	<p>Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 3 da ONU encamiñado á saúde e o benestar. E, ademais, aborda as seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O texto expositivo. - O texto argumentativo. - O texto dialogado. O diálogo na escrita. A conversación e o debate. - O sintagma verbal: o verbo. - Ortografía da letra H. 	15	18		X	
5	En buena compañía	<p>Esta unidade didáctica aborda as metas 4.5 e 5.1 dos ODS da ONU sobre a educación de calidade. E, ademais, está centrada nos seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os textos periodísticos. A noticia. Artigos de opinión. O periódico. - Os textos publicitarios. - Os complementos do verbo: CD, CI, CRéx., CC. - Ortografía da letra b-v. 	9	10		X	
6	Mi tribu	<p>Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 11 da ONU sobre as cidades e comunidades sostibles. E, ademais, está centrada nos seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O texto literario. Os xéneros e os recursos literarios. - Complementos do verbo: Atributo e CPVo. - Ortografía de palabras homófonos con h/non h, B-V. 	8	8			X
7	Bichos fascinantes	Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 15	8	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Bichos fascinantes	da ONU sobre a vida dos ecosistemas terrestres. E, ademais, aborda as seguintes cuestións: - O xénero da narrativa: a novela, o conto e o microrrelato. - O xénero didáctico. A fábula. O ensaio. - Clases de oracións. - Ortografía das letras LL, Y.	8	8			X
8	Cruce de caminos	Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 1 da ONU sobre a alianza para lograr os obxectivos. E, ademais, céntrase nas seguintes cuestións: - O xénero poético. A métrica. - Análise sintáctica. - Ortografía: signos de puntuación (a coma, o punto, o punto e coma).	10	10			X
9	Mejor con una sonrisa	Esta unidade didáctica aborda o ODS nº 5 da ONU sobre a igualdade de xéneros. E, ademais, céntrase nas seguintes cuestións: - O xénero teatral e o cine. - O plurilingüismo no estado español. A orixe das linguas de España. - Ortografía: signos de puntuación (guion, paréntese, comiñas).	8	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Agua limpia	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura e a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos variados.	PE	80
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mostrar precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mostrar precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a relación entre o propósito do emisor e a lingua utilizada, así coma os efectos no receptor.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica e poñendo exemplos.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender e interpretar o sentido global e a información máis relevante e a intención do emisor en textos orais variados.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Proyecto de vida	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Organizar a información e integrala en esquemas propios. Reelabora e comunicala axeitadamente, adoptando un punto de vista crítico.	PE	80
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utilizar a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
3	Hora de actuar	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utilizar a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.	PE	50
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar e redactar textos escritos sinxelos de maneira que resulten coherentes, cohesionados e adecuados.	TI	50
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
4	Me siento bien	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo ou argumentativo e a información máis importante.	PE	65
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analoxías. Así coma os procedementos argumentativos principais.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utilizar a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos e argumentativos.	TI	35
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira adecuada en conversacións orais tanto formais coma informais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar os textos propios atendendo a criterios de adecuación e corrección.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante).		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos sinxelos de investigación.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
5	En buena compañía	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos periodísticos e publicitarios.	PE	50
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que valorar as características dos textos xornalísticos e publicitarios e os seus efectos.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utilizar a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Usar os coñecementos da lingua e do contexto para solventar dificultades de comprensión lectora (deducir).		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado será quen de identificar e evitar a expresións sexistas ou discriminatorias nos textos xornalísticos e publicitarios.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen impoñer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores.	TI	50
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaboraala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Na confrontación de opinións propia dos debates, o alumnado deberá participar con intervencións curtas e dinámicas nas que, tras unha escoita activa, persuada expoñendo as ideas de forma creativa.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localizar e contrastar información cunha visión crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixes (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
6	Mi tribu	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utilizar a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.	PE	75
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será quen de comprender e analizar as ideas fundamentais dun texto literario, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes nun texto literario.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar un texto literario sinxelo, vinculándoo ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos temas da novela gráfica Persépole.	TI	25
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir e ler libros conforme aos seus gustos e intereses.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de compartir coa clase a análise dunha lectura feita.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado establecerá vínculos entre as lecturas feitas, relacionándoos con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.

Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	Bichos fascinantes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder adecuadamente a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura de textos multimodais propios da Rede e a súa información máis importante.	PE	40
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global dun texto literario.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.	TI	60
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a información e as opinións.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado terá que detectar, como mínimo, os usos sexistas e discriminatorios na linguaxe verbal e icónica.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado utilizará correctamente o dicionario, os manuais de consulta e os correctores ortográficos para a revisión lingüística, ortográfica e gramatical dos textos (signos de puntuación incluídos).		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar adecuadamente en interaccións orais tanto formais coma informais.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir e ler textos a partir guiándose polos propios gustos.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Compartir a experiencia da lectura		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

Contidos

- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
 - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
 - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
 - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
 - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
 - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
 - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
 - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
8	Cruce de caminos	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Procurar a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical nos textos propios.	PE	70
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será quen de comprender e analizar composicións seleccionadas da lírica actual, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos procedentes da lírica actual, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos , redactar borradores e revisalos	TI	30
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Cada alumno/a escollerá dous poemas da escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección, vinculándoos con outras mostras poéticas coñecidas por el/ela.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de compartir coa clase a análise das dúas composicións líricas escollidas, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer vínculos entre os textos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas como os collage, a pintura e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
9	Mejor con una sonrisa	8

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais	PE	50
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural,		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas	TI	50
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais sinxelas		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira guiada		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás linguas de signos. - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.

Contidos

- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde a materia de Lengua castellana y literatura seguimos os seguintes principios metodolóxicos:

1. metodoloxía activa e participativa, que favoreza tanto o traballo individual como o traballo cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes;
2. sen entrar en contradición co anterior, tamén se fomenta o traballo individual e o traballo reflexivo de procedimentos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación..., que son extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxe;
3. traballo interdisciplinar por parte do profesorado, especialmente con respecto ao departamento de Lingua galega. Aínda que non abordamos esta programación desde o Tratamiento Integrado de Linguas, si existe unha cooperación continua entre o profesorado de ambas linguas, de maneira que se acordan aspectos coma o uso da mesma terminoloxía, por exemplo en sintaxe e en gramática, etc.;
4. atención á diversidade, polo que se teñen en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e lévanse a cabo distintos mecanismos de reforzo;
5. vinculación a contextos reais, sobre todo a situacións cotiás e cercanas aos alumnos, das distintas aprendizaxes levadas a cabo (por exemplo, co emprego de materiais escritos e audiovisuais dos medios de comunicación, ou coa elección de libros de lectura que tratan temas próximos ao alumnado), co fin de lograr unha mellor aprendizaxe competencial;
6. atención ás posibilidades que ofrecen os traballos por proxectos para a adquisición eficaz das competencias, en concreto prestaráse especial colaboración, na medida do posible, con aqueles proxectos que parten da Biblioteca escolar;
7. promoción e dedicación especial ao tempo de lectura, por medio do proxecto lector propio da materia;
8. promoción da integración e o uso das TIC, a pesar das dificultades que poden derivar das deficiencias no centro, xa que moitas veces hai problemas na conexión a internet ou problemas para encontrar un espazo onde todos os alumnos poidan traballar individualmente e á vez nos ordenadores. Pola súa vez, tamén debemos ter en conta o extracto socioeconómico do alumnado que impide que algúns deles teñan un fácil acceso a internet y ás TIC en xeral no seu propio domicilio.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Lengua y literatura. 2ºESO. Ed. Anaya. Operación mundo. O libro de texto guía o proceso de aprendizaxe.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de

información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
 Dicionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
 Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
 Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
 Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
 Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
 Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
 Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>
 Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
 Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
 Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
 Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
 Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
 Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
 Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
 Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
 Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de clase farase unha Avaliación inicial, por medio dunha proba oral, para avaliar a comprensión e expresión oral e a lectura, e dunha proba escrita para facer un primeiro diagnóstico do alumnado sobre a comprensión e expresión escrita e os aspectos básicos de contido gramatical. Unha vez se leve a cabo a sesión de Avaliación inicial poranse en marcha as medidas de atención individualizada correspondentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	12	15	9	8	8	10	8	100
Proba escrita	80	80	50	65	50	75	40	70	50	64
Táboa de indicadores	20	20	50	35	50	25	60	30	50	36

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse tres variables:

- Probas escritas (dúas por avaliación) sobre as unidades didácticas programadas.
 - Proba escrita (ou oral, ou realización dun traballo) sobre unha obra de lectura fixada pola profesora.
 - Traballos escritos ou exposicións orais, traballo na clase e na casa sobre os contidos programados.
- Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as seguintes porcentaxes:
- probas escritas individuais: 60 %

b) proba sobre a lectura: 20 %

c) traballos varios de clase ou mandados para a casa: 20 %

Ademais, para potenciar o uso correcto da lingua, establécese un sistema de cualificación para as incorreccións nas probas escritas que se realicen ao longo do curso; coa aplicación deste, preténdese concienciar ao alumnado da importancia da revisión dos textos escritos. Por outra parte, tanto a presentación dos textos como unha redacción adecuada valoraránse en todos os textos escritos da materia. Así, establécese:

- Penalización de -0,1 puntos por falta non repetida de grafías y -0,05 puntos por falta non repetida de tildes, ata un máximo de -1,5 puntos.

- Penalización de ata -0,5 puntos pola deficiente presentación de textos escritos (falta de limpeza, falta de marxes, caligrafía ilexible...).

- Penalización de ata -0,5 puntos por unha redacción deficiente (faltas de coherencia, cohesión ou adecuación textual).

O alumnado superará a materia no caso de ter avaliación positiva (igual ou superior a 5) nas tres avaliacións. A nota final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

Dado que a nota da avaliación debe ser un número enteiro, para o redondeo terase en conta o seguinte: redondéase ao número superior a partir do decimal 0,6 (incluído).

Criterios de recuperación:

No caso de non aprobar algunha avaliación farase unha proba de recuperación despois de cada avaliación, que será escrita e cuxa data será determinada entre alumnos e profesora, pero será sempre despois da sesión de avaliación correspondente, e na 3ª coincidirá co exame de recuperación final, en xuño, onde o alumnado que teña aínda algunha avaliación non superada satisfactoriamente poderá recuperala. Para esta proba rexerán os mesmos criterios de cualificación ca no resto do curso. Unha vez feita esta recuperación escrita volverase calcular a nota da avaliación conforme as porcentaxes establecidas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A materia pendente queda recuperada en calquera dos dous seguintes supostos:

1º.- Avaliación positiva de dous cadernos (que serán facilitados pola profesora) con actividades relativas ao currículo da materia Lingua Castelá e Literatura de 1º ESO, que deberán ser entregados nos meses de xaneiro e abril, respectivamente. A cualificación, en tal caso, será 5.

2º.- Avaliación positiva nas dúas primeiras avaliacións da materia no 2º curso. A cualificación, en tal caso, será 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente por calquera das vías indicadas, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo. A data desta proba será no mes de maio.

6. Medidas de atención á diversidade

A partir da Avaliación inicial pónense en marcha as medidas necesarias para garantir a atención á diversidade que sempre existe na aula. E ao longo do curso estaremos pendentes da evolución do alumnado e, de ser necesario, trataremos de ir aplicando unhas ou outras medidas segundo a necesidade. As medidas de atención á diversidade usadas serán:

- adaptacións curriculares individualizadas (en colaboración co Departamento de Orientación)

- flexibilización dos tempos previstos para cada unidade, en función do ritmo de aprendizaxe do grupo-clase

- flexibilización dos contidos en certos momentos, priorizando os contidos mínimos, en caso de observar dificultades por parte dunha parte importante do alumnado

- medidas de reforzo dos aspectos esenciais do currículo, para que o alumnado que o requira consiga alcanzar os mínimos exixidos;

- medidas de ampliación das propostas de traballo, para atender as necesidades dos alumnos que mostran niveis altos de rendimento e motivación.

Do mesmo xeito, podemos considerar as formas de recuperación das avaliacións establecidas anteriormente como unha medida máis de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X		X			X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X		X			X	X	
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Formación estética				X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes		X		X	X	X		X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais		X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Liberdade de expresión	X			X	X			X

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.3 - Educación cívica e en valores	
ET.4 - Formación estética	
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	
ET.7 - Liberdade de expresión	

Observacións:

Desde a materia de Lengua castellana y literatura contribuímos ao tratamento de todos estes elementos transversais na medida en que moitos dos textos empregados en clase (entendidos de maneira ampla: textos escritos, orais, audiovisuais, etc.), así como os libros de lectura propostos teñen como fío condutor o desenvolvemento emocional dos adolescentes, a educación cívica e en valores (respecto, tolerancia, cooperación, solidariedade, igualdade entre homes e mulleres, igualdade social, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día da Poesía	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.		X	X
Organización de concursos e obradoiros de escritura creativa.	Permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.		X	X
Realización de rutas literarias e culturais.	Permite ao alumnado do centro, pouco familiarizado con eventos deste tipo, o coñecemento de outro tipo de ocio e achegamento á cultura.		X	X
Visionado de películas.	É un excelente vehículo para completar o achegamento á literatura.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares que se consideren interesantes para a consecución das competencias clave do alumnado terán sempre unha acollida favorable desde a materia de Lingua Castelá e literatura e contribuirase, na medida do posible, ao seu desenvolvemento. Tamén se prestará especial apoio ás actividades desenvolvidas pola Biblioteca escolar, polo Club de lectura y polo Equipo de Dinamización Lingüística.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados